

PALEOCRAFIA GRECA

INSTRUMENTOS E MATERIAIS

No mundo antigo a escritura realizouse sobre diferentes soportes: arxila, pedra, metais..., pero os textos escribíanse sobre **papiro**, planta que medraba ás beiras do Nilo. As fibras interiores da planta cortábanse en tiras finas que se solapaban, as capas premíanse de xeito que quedasen pegadas co propio zume da planta. Cando se secaban ao sol, podía-se escribir sobre elas.

As follas enrolábanse sobre un cilindro de madeira ou oso (*umbilicus*), rematado por uns pomos tamén de madeira ou marfil. As marxes superiores do papiro alisábanse con pedra pómez para que non se esfiañasen. Ao rolo atábaselle un anaco de pergameo co título ou o contido e gradábanse en caixas cilíndricas (*capsae*) que se amoreaban nas bibliotecas.




O utensilio que se usaban para escribir no papiro era o *calamus* ou cana con punta recortada, máis tarde, no s. IV d. C., empezaron a usarse as plumas de ave.

A tinta (atramentum) que se empregaba estaba feita con borralla, tinta de sepia, pousos de viño... mesturado con goma arábica da acacia. Máis tarde se empregaron outros compoñentes que contiñan ferro, facendo a tinta máis consistente.

A LETRA UNCIAL

A letra uncial aparece nos manuscritos a partir do s. IV d. C. É unha modificación da letra capital, polo que non é tan antiga coma esta. Etimoloxicamente “uncial” significaba que tiña unha polgada de alto.

O tipo de letra que imos usar é a **uncial redonda grega**, que era unha letra máis redonda, menos alta e máis ancha que a capital. Esta letra é a que se emprega nun famoso papiro do s. I d. C., denominado Homero de Hawara, que contén o Canto II da *Iliada* de Homero e foi atopado na cidade exipcia de Hawara.



BREVES NORMAS DE ESCRITURA

Seguindo as mostras de papiros, escribiremos este tipo de letra só con maiúsculas e sen división entre palabras. Aínda que nos papiros aparecen uns cantos espíritos e acentos, nós non imos empregar signos gráficos. As iotas subscritas ω escríbense a continuación da vogal longa ω .

A uncial redondeada ten trazos uniformes. Debes colocar o teu cálamo nun ángulo aproximado de 70° e ensaiar no padrón.

СТРОГГΥΛΟΕΙΔΗΣ ΓΡΑΦΗ

Α Α Α Α Α

Β Β Β Β Β

Γ Γ Γ Γ Γ

Δ Δ Δ Δ Δ

Ε Ε Ε Ε Ε

Ζ Ζ Ζ Ζ Ζ

Η Η Η Η Η

Θ Θ Θ Θ Θ

ΣΤΡΟΓΓΥΛΟΕΙΔΗΣ ΓΡΑΦΗ

Ι Ι Ι Ι Ι

Κ Κ Κ Κ Κ

Λ Λ Λ Λ Λ

Μ Μ Μ Μ Μ

Ν Ν Ν Ν Ν

Ξ Ξ Ξ Ξ Ξ

Ο Ο Ο Ο Ο

Π Π Π Π Π

ΣΤΡΟΓΓΥΛΟΕΙΔΗΣ ΓΡΑΦΗ

Ρ Ρ Ρ Ρ Ρ

Σ Σ Σ Σ Σ

Τ Τ Τ Τ Τ

Υ Υ Υ Υ Υ

Φ Φ Φ Φ Φ

Χ Χ Χ Χ Χ

Ψ Ψ Ψ Ψ Ψ

Ω Ω Ω Ω Ω